

Memoria de difusión

PIALE 2023-2024 – Modalidade 1
Actividade 7. Integración en Lingua Portuguesa

Román Cerqueiro Landín

Este documento segue as “Indicacións para a elaboración da memoria de difusión e da proposta didáctica” descritas no Anxo VI da ORDE do 20 de abril de 2023 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2023. Modalidade 1. Integración (DOG Núm. 81 Xoves, 27 de abril de 2023).

1. DATOS PERSOAIS E DO CENTRO EDUCATIVO

- NOME: Román Cerqueiro Landín
- CENTRO EDUCATIVO: IES Nº 1
- LOCALIDADE: A Estrada
- PROVINCIA: Pontevedra
- CÓDIGO: 36020258
- MATERIAS E NIVEIS EDUCATIVOS IMPARTIDOS:
 - Lingua e Literatura Galega: 2ºESO e 4ºESO.
 - Segunda Lingua Estranxeira: Lingua Portuguesa: 3º ESO e 4ºESO.

2. MEMORIA DE DIFUSIÓN

2.1. Obxectivos e contidos da difusión

| CONTIDOS | OBXECTIVOS |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none">• O sistema educativo portugués nos centros de secundaria: semellanzas e diferenzas co sistema educativo galego. | <ul style="list-style-type: none">• Informar sobre os aspectos máis singulares do sistema educativo en Portugal, nomeadamente na etapa do ensino secundario, en comparación co sistema educativo galego. |
| <ul style="list-style-type: none">• Organización e funcionamento educativo do centro de ensino portugués. Análise de boas prácticas. | <ul style="list-style-type: none">• Analizar e comparar o funcionamento do centro de acollemento co meu centro de traballo co obxectivo de identificar boas prácticas para aplicar en diferentes campos da miña práctica docente. |
| <ul style="list-style-type: none">• PIALE, actividades realizadas e experiencias motivadoras como parte do currículo educativo. | <ul style="list-style-type: none">• Difundir a experiencia da internacionalización, tanto para docentes como para alumnado, como algo motivador para dinamizar o currículo educativo e o proceso ensino-aprendizaxe. |
| <ul style="list-style-type: none">• O plurilingüismo como elemento fundamental na formación do alumnado e como estratexia dinamizadora da práctica docente. | <ul style="list-style-type: none">• Divulgar as vantaxes comunicativas do galego dende a perspectiva dun Plurilingüismo Inclusivo asentado na lingua minorizada socialmente mais maioritaria como lingua habitual entre o alumnado do meu centro. |
| <ul style="list-style-type: none">• O ensino da Lingua Portuguesa en Portugal. | <ul style="list-style-type: none">• Actualizar coñecementos desde un punto de vista lingüístico, cultural e metodolóxico.• Observar as prácticas de ensino e aprendizaxe da materia, coñecer e partillar materiais didácticos e intercambiar experiencias didácticas no ámbito do ensino do portugués.• Aproximarse á cultura portuguesa a partir de recursos e materiais auténticos (música, literatura, moda, cinema, pintura, patrimonio |

| | |
|--|--|
| | <p>histórico e natural, etc. para establecer pontes entre os contidos culturais e lingüísticos.</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> • A Lusofonía. Diferentes perspectivas e coordenadas. | <ul style="list-style-type: none"> • Reflexionar sobre o concepto de Lusofonía e o seu tratamento en Portugal, Brasil, PALOPs e unha Galiza cada vez máis presente nese contexto. • Profundizar no coñecemento e reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos para que a lingua galega adquira unha maior proxección no contexto internacional. • Fomentar o ensino/aprendizaxe do portugués en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa Lusofonía. |
| <ul style="list-style-type: none"> • O tratamento da diversidade e do Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE). | <ul style="list-style-type: none"> • Observar como se organiza a diversidade educativa nun centro cunha porcentaxe alta de alumnado en risco, así como a integración social, escolar e profesional do conxunto do alumnado. • Coñecer os seus programas de intervención socioeducativa, psicosocial e emocional. |
| <ul style="list-style-type: none"> • A escola profesional en Portugal. | <ul style="list-style-type: none"> • Analizar e comparar un tipo de escola secundaria de tipo profesional, análoga en boa parte á FP galega, e orientada ás disciplinas técnicas variadas: comunicación e márketing, comercio, audiovisual, fotografía, servizos dixitais, etc. |
| <ul style="list-style-type: none"> • Programas de internacionalización e inserción laboral e profesional. | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer boas prácticas dos programas de mobilidade internacional impulsadas na escola de acollimento, nomeadamente, as estadias do alumnado no ámbito do Erasmus +. • Coñecer os programas de formación en empresas que a EPCE ofrece para o 100% do alumnado matriculado. |

2.2. Lugares e formatos de difusión

A experiencia do Programa Piale que desenvolvín durante o mes de outubro de 2023 foron presentadas no meu centro de ensino:

- Nas aulas, nas que compartín a experiencia co alumnado das diferentes materias e niveis que imparto (1/2 sesión). A seguir, tamén traballamos durante 2 sesións a proposta didáctica presentada no centro de acollida portugués a súa xornada de celebración do Halloween (31-10-23). O material elaborado en Portugal foi publicado en Edixgal e na Aula Virtual do centro.

- Nos Órganos Colexiados (Reunión de Departamento e Claustro), de xeito formal ao conxunto do profesorado e dos membros do seminario, así como en diferentes espazos do centro de modo informal no traspaso das horas complementarias cando os compañeiros e as compañeiras así mo solicitaron. Así mesmo, quedou unha copia impresa desta memoria na Sala do Profesorado para a súa consulta.
- Na páxina web do IES para o conxunto da comunidade educativa, concretamente no apartado específico do Departamento de Lingua Galega ([ligazón](#)).

2.3. Procedementos da difusión

2.3.1. Para o alumnado: durante as clases da primeira semana de novembro presentei en que consistiu a experiencia PIALE no Porto, coa dupla función de formación e inmersión lingüística en lingua portuguesa, xunto coa oportunidade de coñecer o sistema educativo e, máis alá do ámbito estritamente escolar, as oportunidades de integración intercultural que ofrece unha cidade das dimensións do Porto. Como xa se mencionou no apartado anterior, tamén desenvolvemos nas aulas a unidade didáctica “Desfruta em vida”, que fai un traspaso polos ritos e crenzas populares asociados á cultura da morte en Galiza e no norte de Portugal para facer, finalmente, unha proposta de escrita creativa baseada na forma literaria dos “epitafios”. O alumnado elaborou os seus textos, que foron recollidos e avaliados e, finalmente, postos en común nas respectivas aulas de Lingua Galega (2º e 4º ES) e Língua portuguesa (3º e 4º ESO). En total, atinxiu ao 50% do alumnado do noso centro.

2.3.2. Para o profesorado:

- Departamento de Lingua Galega: na xuntanza do 17 de decembro de 2023 fixen unha síntese da experiencia destacando os aspectos máis salientables da estada no centro de acollemento portugués en canto a:

- metodoloxía de ensino da Lingua Portuguesa e plano de estudos da materia no ensino secundario en xeral, así como materiais e recursos empregados na disciplina;
- tipo de centro e diferenzas respecto do noso: escola de perfil técnico e profesional, de propiedade privada e concertada con fortes subsidios gobernamentais e europeos, etc.;
- organización: horarios, programas de prácticas en empresas e participación en programas internacionais como o Erasmus+, sistema de avaliación e seguimento do alumnado (a asistencia e o comportamento van ligados, por exemplo, á percepción de subsidios), inexistencia de biblioteca escolar, etc.
- perfil do alumnado, cunha porcentaxe alta de estudantes en risco que reciben bolsas de transporte e outras dietas (alimentación) e axudas (computador, libros, etc.); alumnado inmigrante (especialmente dos PALOP), etc.
- cuestións relativas á convivencia (uso xeralizado de dispositivos móbiles, por exemplo);

- condicións laborais e salariais do profesorado, tanto económicas como de carga horaria e outras funcións, vaga de xornadas reivindicativas e folgas do profesorado portugués, acceso á función docente, etc.

- Conxunto do profesorado: no Claustro do 14 de decembro de 2023 informouse de maneira moi xeral da realización do programa e emprazouse aos compañeiros e compañeiras a consultaren o material partillado na páxina web e na sala do profesorado (Memoria Gráfica e Visual) e a procurarme fóra do horario lectivo no caso de estaren interesados/as en coñecer máis polo miúdo o programa e a experiencia concreta da estada no porto.

2.3.3. Para a comunidade educativa: publiquéi unha entrada na páxina web do centro, que despois se actualizou para carga esta Memoria de Difusión.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesnumero1estrada/node/1221>

2.4. Programación e temporalización da difusión

| MES | ACTIVIDADE | LUGAR | Horario |
|-------------------------|--|--|-----------------------------|
| 1ª semana novembro | Presentación da experiencia ante o alumnado e desenvolvemento da UD “Desfrute em vida”. Publicouse en Edixgal (materia de LG de 2º ESO) e na Aula Virtual do IES (LG e LP de 3º e 4º ESO). | Aulas de 2º e 4º ESO de LG e 3º e 4º de LP | Lectivo |
| 2ª quincena de novembro | Realización da Memoria Gráfica e Visual. | Domicilio | Extraescolar |
| Decembro | Claustro (14-12-23): información ao Claustro. Conversas cos compañeiros e compañeiras. Reunión do Dpto. de Lingua Galega (17-12-23). Realización da Memoria Gráfica e Visual e publicación dunha entrada na páxina web. | Centro Domicilio | Escolar Extraescolar |
| 2º trimestre | Asistencia á xornada de formación (27-01-24) e elaboración desta Memoria de Difusión e da Proposta Didáctica. | EGAP Domicilio | Extrascolar |

2.5. Repercusión e temporalización da difusión

O tamaño do IES Nº 1 axuda a difundir as actividades que se realizan no centro tanto a nivel grupal como individual, neste caso, mesmo se apenas afectan a un docente, como é o caso. O claustro está composto por 22 profesores/as, só se oferta a ESO e a matrícula é de 140 alumnos/as. Polo tanto, a comunidade educativa coñecía a estadía formativa e, unha vez feita, a súa difusión foi sinxela entre os diferentes sectores que forman parte da comunidade educativa:

- O alumnado sabe que no centro se imparte a Lingua Portuguesa como Segunda Lingua estranxeira en toda a etapa da ESO. A matrícula é de 33 alumnos/as, case un 25 % do total. O alumnado mostrou interese por coñecer como é o centro receptor, que estudos ofrece, como é o alumnado, etc. e preguntou sobre diferentes aspectos que lle chamaron a atención, como a obrigatoriedade de estudar até os 18 anos, ou aspectos máis xerais sobre a cidade do Porto ou as semellanzas e diferenzas do galego e o portugués. Entre o alumnado de 2º ESO que non cursa Lingua Portuguesa pero pode matricularse en 3º ESO como materia optativa as preguntas foron máis bem orientadas ás posibilidades de facelo. O alumnado de Lingua Portuguesa de 2º, 3º e 4º ESO interesouse máis polas posibilidades de establecer algún tipo de intercambio coa escola do Porto, que non é posible posto que o alumnado é de maior idade (entre 15 e 18-19 e mesmo 20).

- O profesorado que máis se interesou pola experiencia, ademais do propio do Departamento, foi o de Linguas, tanto Castelá como Inglés e Francés, algún xa con experiencia neste tipo de formación e con interese en participar no futuro no PIALE ou outros itinerarios que haxa. Tamén houbo interese polos programas internacionais como o ERASMUS+ e polas cuestións organizativas do centro portugués e as condicións laborais do profesorado luso. Pola súa banda, o Departamento de Lingua Galega considera que unha carencia importante do Programa PIALE é a inexistencia dunha rede estable de intercambio entre centros galegos e portugueses despois de tantos anos e recursos destinados a formar docentes galegos en Portugal. Para o noso instituto, como para outros, resulta moi complicado establecer eses contactos a nivel de centro ou a nivel persoal e bótase en falta unha maior implicación a nivel institucional por parte da Consellería de Educación á hora de aproveitar as dinámicas existentes (como estas estadías formativas en centros xa contactados) para facer realidade esa plataforma que sería moi positiva para o ensino da lingua portuguesa en Galiza.

- En relación á comunidade educativa, a difusión da estadía vén reforzar o coñecemento que xa se ten na nosa contorna sobre a oferta da materia de Lingua Portuguesa no noso centro, a organización de saídas didácticas a Portugal ou a celebración de actividades sobre a cultura portuguesa e lusófona, por iso cremos que o impacto foi positivo porque se reforza o interese e a implicación que ten o Departamento de Lingua Galega por consolidar esta oferta.